

ALTARES LATERAIS

- O retablo do lado do Evanxeo acubilla as tallas de:

S. Caetano, imaxe titular, na fornela, crego italiano fundador de varios hospitais e dos Cregos Teatinos, vestido con sotana moura coma os sacerdotes, rosario no cinto e un peitoral.



Outra talla que representa tamén a **S. Caetano**, neste caso da metade da altura da imaxe titular, atópase exposta sobre o mesado. É de similar iconografía, cabendo resaltar o peitoral con gran medallón colgante e rosario no cinto.

-O retablo do lado da Epístola, acubilla a seguinte imaxe:

S. Bernardo de Claraval, reformador da Orde Cisterciense. Porta libro da Regra aberto na súa man esquerda

O monxe tenante da dereita sostén mitra episcopal, e o da esquerda perdeu o atributo que levaba, pero ben poidera ser o báculo de bispo.



Textos e fotos: Emilio Piñeiroa Lozano

CAPELA DE S. CAETANO CELEIRO DE MARIÑAOS (BARREIROS)



Situada nun outeiro que domina o val do río Masma.

Nave de planta rectangular con cuberta a tres augas de lousa de xisto sobre unha estrutura de madeira.

Fachada principal de cantería de pedra calcaria, a porta de acceso presenta un arco de medio punto de casetóns e unha ventá cadrada encima.

Pequena espadana dun só van.

Fachadas laterais e traseira cun recebo de cal.

Recercados das ventás e esquinas na mesma pedra ca fachada principal..

Arco triunfal e pavimento de antigas baldosas roxas. Sacristía tras do prebisterio

RETABLOS BARROCOS.

Características: moita decoración (vexetais, liñas curvas...), columnas salomónicas (teñen fuste en espiral) e sensación de movemento.

ALTAR MAIOR



Formado por tres rúas, dous corpos ou andares e na parte superior, no centro un frontón semicircular e a ambosdous lados dous escudos de armas (doadores), a familia do canónico D. Salvador Menéndez Navia e Villamil.

Primeiro corpo (andar): expóñense as seguintes imaxes de esquerda a dereita.

Santa Tereixa de Xesús, monxa reformadora das Carmelitas Descalzas, porta un libro aberto na súa man esquerda en alusión aos seus escritos ascéticos e místicos, obras mestras da literatura universal. Viste o hábito pardo Carmelitano, de cor castaño.

Virxe da Espiña (Virxe de Vestir) con túnica e manto verdes con fitas douradas e velo e canesú branco. Leva ao Neno Xesús no colo vestido de branco.

Santa Xertrude, monxa beneditina. Como tributo persoal identificativo, leva o corazón inflado no peito, no que hai unha cativa imaxe do Neno Xesús.

Debemos destacar dous baixorrelievos, o Sacrificio de Isaac e o Bautismo de Xesús.

Segundo corpo (andar): expóñense tres tallas de esquerda a dereita:

Ecce Homo atado á columna, Cristo atado a unha columna baixa, vestido unicamente con pano de pureza, e coas mans cruzadas por diante.

S. Leandro, arcebispo de Sevilla e Doutor da Igrexa, representado cun corazón inflado na man esquerda. Viste ornamentos pontificais, mitra e báculo episcopais e está representado cos brazos abertos e mirada dirixida ao ceo. Caracterízase con poboada barba cadrada e rizada.

S. Xosé co Neno Xesús, represéntase vestido co traxe sinxelo dos artesáns: túnica curta e manto terciado, con barba e cabelos longos.